

TAREFAS DA SEMANA DO 25 AO 29 DE MAIO

ACTIVIDADES CON ENTREGA:

1. **PON PON:** Foto da libreta de lengua coas actividades do martes 26.
2. Fichas interactivas de **matemáticas:** tarefas do mércores 27 e venres 29.
3. Ficha interactiva de **ciencias - Las plantas:** <https://es.liveworksheets.com/sr402589lp>

Se por motivos de organización familiares non podedes entregar as fichas de matemáticas os días marcados, adaptade vós o traballo do xeito que vos pareza.

VÍDEO SORPRESA:

Vos deixamos un enlace ao blog da Biblio, onde atoparedes un vídeo sorpresa. Esperamos que vos guste!

<https://bibliocasteloapedra.blogspot.com/2020/05/sorpresa.html>

ACTIVIDADES DIARIAS:

LUNS 25

MATEMÁTICAS:

1º Fai os exercicios 1 e 2 da páxina 194 do libro de matemáticas.

2º Lembra a táboa pitagórica da páxina 211 e trata de fabricar unha grande (tamaño folio ou máis) para ter diante do teu escritorio e poder consultala cando o precisas. Podes facer as liñas rectas coa axuda dunha regra e medir sempre os mesmos centímetros para que queden os cadriños perfectos.

HORA DE LER:

1º Le o quinto capítulo de “Cuando la tierra se olvidó de girar” de Fina Casalderrey.

MARTES 26

MATEMÁTICAS:

1º Pon a data na túa libreta e fai unha serie de números dende o 720 ata o 800, contando de 4 en 4.

2º Realiza as seguintes operacións na túa libreta. Non te esquezas de facer a proba da resta.

$142+720=$

$936-318=$

$72 \times 3=$

PON PON:

1º Lee los poemas de la página 134: Robot y Espantapájaros. Lee también el diccionario imaginario.

2º En la libreta, pon la fecha y copia el poema ROBOT. Recuerda que debes hacer buena letra y copiar cada verso en una línea. Después, decóralo con un bonito dibujo.

3º Envía una foto de tu libreta a la profe Marta.

MÉRCORES 27

MATEMÁTICAS:

1º Fai a ficha interactiva de repaso de operacións (sumas e restas) e envíamala despois. Ten a man papel e lapis por se necesitas facer algunha conta por escrito.

<https://es.liveworksheets.com/rm209081tg>

PON PON:

1º Lee el poema “Nubes” de la página 135 en voz alta y con buena entonación.

2º Haz el ejercicio de la misma página con buena letra y colorea el dibujo.

XOVES 28

MATEMÁTICAS:

1º Na túa libreta, pon a data e resolve as seguintes multiplicacións. Primeiro telas que copiar en vertical. Comeza multiplicando polas unidades e despois polas decenas.

$21 \times 7 =$

$83 \times 2 =$

$72 \times 4 =$

$61 \times 5 =$

$93 \times 3 =$

HORA DE LER:

1º Volve a ler o quinto capítulo de “Cuando la tierra se olvidó de girar”.

VENTOS:

1º Copia na túa libreta de Pon Pon, o poema *Un ventinho ten Antón*, da páxina 17. Lembra poñer a data, escribir con boa letra e cada verso na súa liña.

2º Decora o poema cun bonito debuxo e memoriza o poema.

3º Lee con boa entoación e pronunciación os poemas de “Ventos” das páxinas 18 e 19: *Ten rechouchíos o vento* e *Namoradiñas do vento*.

VENRES 29

MATEMÁTICAS:

1º Fai a ficha interactiva de multiplicacións sen levar e envíama despois. Ten a man papel e lapis por se necesitas facer algunha por escrito. Intenta recordar as táboas de multiplicar de memoria e podes axudarte da táboa pitagórica:

<https://es.liveworksheets.com/zn205091eq>